

**Revista
escolar**

2019

IES O Ribeiro



**VIÑA
COSTEIRA**

R I B E I R O

**DENOMINACIÓN
DE ORIGEN**

www.vinoribeiro.com

Facebook: Viña Costeira

Twitter: @costeira_es

Sumario

O magosto.....	4
A Biblioteca.....	6
Club de lectura Maquiáns.....	7
Educar contra a violencia de xénero.....	8
Actividade de 'empoderamento' femininino en 2º Eso.....	9
Nadal 2018.....	10
Día da Paz.....	11
O entroido.....	12
Día do libro.....	14
Concursos (Axenda/Portada).....	15
Proxecto “Fotografía en curso”.....	16
Plan Proxecta: Proxecto do IES o Ribeiro.....	17
Concursos (Mapas, Atravete).....	18
Orlas.....	19
Departamento de Orientación.....	35
Os nosos ciclos (CM EMV, Ciclos IA).....	36,37
Actividades F.O.L ("Eduemprende actúa" e "1ºs Auxilios Cruz Verm.").....	39
Escape Room no IES o Ribeiro.....	40
Dinámicas participativas - Módulo C.A.I - 1ºFPB.....	41
Industrias Alimentarias (e a FPB) na: 56º Feira do viño de Ribadavia.....	42
A FPB en Industrias Alimentarias.....	43
Entrevista a Adrián.....	44
Excursión ás terras de Verín.....	46
Saída ao teatro - “Language planning”.....	47
Saídas (Guimaraes, Santiago -T.P.).....	48
Linguas clásicas - actividades (olimpiada, teatro).....	49
Excursión-convivencia en Compostela.....	50
Actividade - Francés - Teatro.....	51
Actividades deportivas.....	52
Intercambio Erasmus +.....	54
Letras Galegas 2019.....	57
Saída(ruta xeolóxica).....	58
Obradoiro de Xeometría / Teatro festival fin de curso.....	59
Excursións de fin de curso e seguintes.....	60-61
Gradación 2º de Bacharelato.....	62



O magosto

O día 12 de novembro tivo lugar o Magosto do IES O Ribeiro. Fixo bo tempo, e todo o mundo o pasou en grande.

Mentres se asaban as castañas, participamos nos xogos tradicionais: saltar á corda, carreiras de sacos, o truco, o pano, os aros, os zancos, a goma, o turra-soga ... E despois dimos



conta dunhas estupendas castañas traídas pol@s alumn@s das distintas parroquias de O Ribeiro.

Agradecemos a colaboración de tod@s en xeral, e en particular á dos alumnos: David Rodríguez Vello, Gabriela Meiriño, Benilde Yoana Merelles, e Jorge Araujo.



GOYMA


GOYMA

Papelería

- Papelería •
- Librería •
- Encuadernaciones •
- Impresión digital •
- Fotocopias •
- Trabajos de imprenta •
- Invitaciones de Boda •
- Sellos •

*Impresión digital Color y B/N
formatos hasta 33 x 48 cm
con los mejores precios del mercado*

**Telf: 988 472 4 05 Rúa do Carballiño, 48
32400 - RIBADAVIA (Ourense)**



CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS

CyC S.B. S.L.

SAN BENITO, S.L.

Teléf. (988) 48 32 32

**32213 San Benito do Rabiño
Cortegada (Orense)**


A Biblioteca

Dentro do horario de dinamización de biblioteca foron artelladas varias mostras de libros en colaboración cos diferentes departamentos didácticos do centro.

Arrancamos no primeiro trimestre cunha escolma de novela negra, da que o centro conta con abundantes fondos.

No segundo trimestre organizouse unha posta en escena que combinaba literatura e vexetación. Estas dúas mostras foron feitas en colaboración - inestimable - das compañeiras do departamento de EPV.

No terceiro trimestre o tema escollido - en colaboración co departamento de Xeografía e Historia, foi o do libro histórico.



Club de lectura Maquiáns

Este curso botou a andar o Club de Lectura Maquiáns, cunha inscrición especialmente significativa entre o alumnado de 1^aESO, superando a treintena de membros.

As reunións desenvolvéronse nos segundos recreos dos venres e arrancou con lecturas como “Las flores del Corán”, “Os lobos de Moeche”, “Veleno tinto” e “Cousas de mortos”, combinando títulos en castelán e galego e novela e banda deseñada.



Dentro das actividades do Club de lectura "Maquiáns", os seus membros realizaron unha saída moi interesante ao Museo Etnolóxico de Ribadavia, do que coñecemos as súas instalacións - especialmente a súa biblioteca - e a área de almacenaxe da Veronza.



Educar contra a violencia de xénero

Como todos os anos no noso centro realizamos unha reivindicación contra a violencia de xénero con algunhas actividades feitas polo alumnado. Este ano producíronse unhas curtametraxes reflectindo os “micromachismos”, que se visualizaron no salón de actos; tamén cada clase compuxo un lazo violeta, símbolo contra a violencia machista.

Para a realización das curtametraxes as profesoras expuxeron algúns exemplos nas clases previas ao día contra a violencia machista, e de seguido fixéronse grupos de alumnos que expuxeron as súas ideas na aula para debater o seu potencial, melloralas e decidir a súa liña de traballo. Unha vez feitas as curtametraxes, os alumnos mostráronlles aos profesores de EPVA para analízalas e solucionar os erros. Cando as curtametraxes se remataron expuxéronse no salón de actos os días posteriores ao día contra a violencia de xénero (do 26 ao 28 de novembro).

Un feito a destacar foi a petición das curtametraxes do ano pasado polo concello de Ribadavia para ser proxectadas na Casa da Cultura.

Para construír os lazos contra a violencia de xénero o alumnado de cada clase debateu como iría decorado cadanseu lazo incluíndo na decoración elementos representativos contra a violencia de xénero. Cando as clases remataron o traballo os lazos foron colocados nas portas das aulas o día 25 de novembro. Tamén este día, os profesores e alumnos do centro quedamos en vir vestidos de violeta ou traer algún obxecto desta cor e formar un gran lazo durante o recreo co fin de conmemorar esta data.

Estas actividades son un exercicio para concienciarnos e facernos reflexionar sobre as actitudes e comportamentos machistas que repetimos dunha maneira inconsciente; tratando de facelos visibles para que os poidamos identificar e loitar contra eles.

Nas imaxes que acompañan este texto podes ver exemplos dos lazos que foron colocados nas portas das aulas e o lazo formado por profesores e alumnos o día internacional da NO violencia contra a muller. Podes ver as curtametraxes creadas polos alumnos do noso centro usando o código QR que axuntamos e que te levará ao blog: <http://iesoribeiro.blogspot.com/> que dúas alumnas do centro (Sabela Conde Martínez e Alejandra Rodríguez Meiriño de 2ª de bacharelato A) crearon para mostrar o traballo dos seus compañeiros e o seu propio traballo).

Fayna Deaño Pérez (4ªB) e Sergio Lorenzo Rodríguez (4ªA)




Actividade de empoderamento feminino en 2ºEso

O alumnado de 2ºESO-C, levou a cabo unha interesante actividade reivindicativa no contexto das mobilizacións de “empoderamento” feminino do 8 de Marzo.

Así, tras asistiren a unha exposición no CPI Tomás de Lemos, na que viron que nuns paneis se mostraban a rapazas caracterizadas de mulleres que fixeron historia, recolleron a luva lanzada pola súa titora, e decidiron facer algo parecido. Desta forma entre tod@s buscaron información e escolleron 7 mulleres fundamentais na historia. Posteriormente, nunha titoría 6 alumnas apareceron caracterizadas para renderen homenaxe a esas 7 mulleres fundamentais.

Os compañeir@s tiñan que constatar a quen representaba cada unha, e puxeron en común os feitos relevantes que fixeron que estas mulleres marcaran a historia.

As alumnas son: Andrea Rodríguez; Noa Estévez, Ariadne Estévez, Eliska Piños, Uxía Barreiro e María Blanco. E as mulleres homenaxeadas son Billie Jean King, Marie Curie, Concepción Arenal, Rosalía de Castro, Malala Yousafzai, Frida Kahlo, e Valentina Tereshkova. Saberías indicar quen é quen, onde está cada unha delas..?



Cortegada, todo o que soñas



Concello de Cortegada




Nadal 2018

Para o Nadal deste curso, as nosas profesoras de educación plástica visual propuxéronnos un traballo en 3D que consistía en facermos a partir dunha póla unha “árbore de Nadal”.

Para iso empregamos las e fíos de diferentes cores cos que envolvemos as pólas. O obxectivo era enchermos a entrada do noso instituto simulando un bosque de nadal que transmitira a ledicia e a maxia desta época.

Este traballo tamén o empregamos para facer as postais de Nadal, fotografando as ramas e editándoas posteriormente.

Iria Taboada (4ºB) e Ángela Canitrot (4ºC)





Día da Paz

En xaneiro os alumnos de proxectos creativos de 2ª de Bacharelato, fixeron un traballo para conmemoraren o día da paz.

O traballo consistía en escoller unha palabra que representara o significado de paz. A palabra elixida tiña que estar feita de fíos que colgaban dunhas mans cuxa postura estaba relacionada co significado da mesma.

O feito de elixir fíos para realizar este proxecto deulle continuidade á liña de traballo proposta no Nadal, na que tamén se empregou este material.

Adrián Mogrovejo (2º Bach. B)





O entroido

O 1 de marzo celebramos a festividade do Entroido e o alumnado disfrazouse facendo comparsas por aulas, cunha mesma temática, participando no concurso de disfraces.



Grazas ao traballo de tod@s, alumnado, titores e profesores, houbo unha gran participación e variedade e o espectáculo foi un éxito. Parabéns para tod@s!

Os resultados dos concursos foron os seguintes:

COMPARSAS:

- 1ª O CIRCO
- 2ª AS SETE ERRES
- 3ª DEPORTISTAS E ANIMADORAS
- 4ª OS POLIS E OS LADRÓN
- 5ª PERFORMANCE
- 6ª OS DEPORTISTAS
- 7ª FAMOSOS E FAMOSAS
- 8ª SUPERHEROIS
- 9ª OS GRANXEIROS
- 10ª TRAPEROS RICOS
- 11ª MARSHMELLOS
- 12ª ANXOS E DEMOS
- 13ª OS MILITARES
- 14ª A CASA DE PAPEL
- 15ª OS ANIMAIS
- 16ª SUPERHEROIS II
- 17ª OS XOGADORES DE RUGBY

DISFRACES INDIVIDUAIS/PARELLA:

1. PINTAMONAS
2. OS SUPERHEROIS
3. AS CEBRAS
4. A PARELLIÑA
5. OS MIMOS
6. OS RICACHÓS
7. OS REPARTIDORES DE PATACAS
8. O NON VAI MÁIS
9. AS TRES ERRES
10. GANG
11. OS ANXOS DE CHARLY





Ferretería do PUEENTE, s.l.

FERRERERIA EN GENERAL
ACCESORIOS PARA LA INDUSTRIA DEL ATAUD

Rubén González Alonso
Mov.: 637 988 974

Rúa Progreso, 65
32400 - RIBADAVIA (Ourense)

Tel/ Fax: 988 470 805

ferreteriadopuente@telefonica.net




Día do libro

En conmemoración do día do libro, 23 de abril, os alumnos de PPC de 1ºBach-A, realizamos este traballo para fomentar o interese pola lectura.

O traballo consistiu en reciclarmos libros de texto descatalogados e facer con eles un proxecto escultural que lles dea un novo uso, como separadores da biblioteca ou para decorar. Coa axuda de arames fixemos bonecos e encartamos as follas dos libros para darlles a forma que desexamos.

Os alumnos de PC de 2ªBach, seguindo o mesmo proxecto escultórico, autorretratáronse en fotografías onde se representaban cos seus libros preferidos ou personaxes destes.

Carla Estévez e Marta Estévez (1ºBach)



Concursos

Concurso Axenda - Portada da Revista


Todos os anos o departamento de Plástica organiza un concurso para elixir a portada da axenda escolar.

Como actividade de aula, cada alumno realiza un deseño para a portada. Estes deseños expóñense para logo realizar unha votación da que sae elixida a que será, para o seguinte curso, a portada da axenda escolar oficial do IES O Ribeiro, distribuída a todo o alumnado.

De entre estas propostas, posteriormente tamén se selecciona a que será portada da revista escolar.

Na realización do deseño, sempre supervisada polas profesoras, o alumno pode empregar unha imaxe xa existente (con edición, traballando moito sobre ela ou combinando varias imaxes libres e tamén traballando sobre elas) ou ben partir dun traballo propio.


Fayna Deaño e Sergio Lorenzo (4^aESO)



Deseño da axenda deste curso, obra de Alberto Rodríguez



Portada da revista, obra de Eva García



Proxecto "Fotografía en curso"

Este curso os alumnos de EPVA de 4ª da ESO e os de Proxectos creativos de 2º de Bacharelato formamos parte do proxecto fotográfico "Fotografía en curso", no que participan tan só seis institutos de Galicia. Antes de comezar coa realización das fotografías, foron necesarias unhas clases nas que as profesoras deron unha serie de pautas e propuxeron varios exercicios para que o alumnado se familiarizase coa fotografía. Ao longo do curso traballamos con tres propostas para o proxecto:

- Espazos baleiros:

Este traballo elaborouse no primeiro trimestre e consistiu en retratarmos un "espazo baleiro" que se definiría por ter a capacidade de xerar unha sensación de ausencia, de baleiro.

O encadramento, a luz, a composición, a distribución dos elementos... son eleccións dos fotógrafos que fan que percibamos un espazo como espazo baleiro. Esta proposta práctica permite un descubrimento máis profundo do noso contorno.

-Retratos:

Na segunda avaliación o traballo enfocouse no retrato. Para realizar os retratos, foi necesario facer unha reflexión previa sobre os aspectos da persoa que queriamos reflexar. Explorarmos con profundidade as eleccións expresivas esenciais (profundidade de campo, encadre...). Foi un traballo profundo que só é posible a través dun acercamento ao interior das persoas fotografadas.

Ademais dos propósitos propios da fotografía, con esta práctica foméntase que a nosa xeración se acerque á que está máis afastada de nós por idade, aínda que nos sexa próxima e querida; o territorio de onde procedemos: Os nosos avós.

-Proxecto final:

Nos últimos compases do curso realizamos o proxecto final e decidimos centralo nos recursos, na esencia, no aproveitamento (viñas, fontes...) e beleza do Ribeiro.

A totalidade das imaxes non as podemos pór aquíí podedes velas visitando os enlaces ou lendo os códigos QR correspondentes:


Todo: <http://www.fotografiaencurs.org/ca/content/espazos-baleiros-no-ribeiro>

Espacios baleiros: <http://www.fotografiaencurs.org/ca/content/espazos-baleiros-no-ribeiro>

Retrato dos maiores: <http://www.fotografiaencurs.org/ca/content/retratos-dos-maiores-0>

Retrato dos oficios: <http://www.fotografiaencurs.org/ca/content/retratos-dos-oficios>

Fayna Deaño Pérez (4ºB) e Sergio Lorenzo Rodríguez (4ºA)



Plan Proxecta: Proxecto do IES O Ribeiro

As paisaxes do Ribeiro. Sustentabilidade . Das aulas á contorna

O noso centro participa no Plan Proxecta da Consellería de Educación, dentro do programa Paisaxe e Sustentabilidade, co proxecto “AS PAISAXES DO RIBEIRO. SUSTENTABILIDADE. DAS AULAS Á CONTORNA”.

A paisaxe, a súa biodiversidade e conservación dependerá en gran medida dos valores, actitudes, hábitos e comportamentos sostibles que os seus habitantes teñan interiorizados. A base deste proxecto é a de promover estas actitudes entre o alumnado, contribuir á formación de cidadáns comprometidos coa conservación do entorno e a sustentabilidade, partindo do propio centro educativo para logo ir espallando esta semente ao exterior.

Algunha das actividades que forman parte deste proxecto son as seguintes:

CONCURSO AULA+++

Entre as 4 aulas de 1º Eso realizouse un seguemento no cal se avaliaron periódicamente aspectos relacionados coa sustentabilidade e a limpeza. Os resultados pódense ver no seguinte blog:

<https://iesoribeiroaulassostibles.blogspot.com/>

CONTRASTE . PAISAXE DE COSTA, MAR E CANTÍS.

As dúas aulas de 1º ESO-A e 1º ESO-B foron as mellor valoradas despois de finalizar os controis e avaliar a súa participación no concurso AULA ++++. Como premio tiveron unha excursión á Costa da Vela, onde puideron disfrutar dunha paisaxe totalmente contraposta a que eles están acostumbrados. Subiron ao Monte Facho, onde coñeceros ao dios Bero Breus e a historia do castro e dos seus poboadores. Ademais disfrutaron dunhas vistas impresionantes da ría, os cantís e as illas Cies e Ons, para logo facer unha ruta que os levou ata a praia de Areabrava onde disfrutaron dunha tarde de praia.

Actividade dirixida polos profesores Carmen Serodio, Markos Javier Pérez de Mendiguren e Juan Fernández.

DESCUBRINDO AS ROCHAS QUE PISAS

Os alumnos de 4º A, 4º B e 1º Bach. participaron nesta actividade, acompañados polo xeólogo Fran Canosa e as profesoras Carmen Serodio e Concepción Ramos. Os alumnos descubriron as características xeolóxicas principais da zona e as historias que agachan as rochas.

AS ÁRBORES DO RIBEIRO

Plantexouselle ao alumnado a actividade que consistía na representación dunha árbore, da súa árbore. Unha árbore do Ribeiro, cercana, ou onírica que só exista no seu maxín, frondosa ou esquelética e sen vida, calquera árbore especial que o alumno imaxine ou elixa entre as demáis. A árbore como símbolo da Natureza.



Actividade dirixida polas profesoras Maite Piñeiro e Mº Jesús Labarta.

CARREIRA DE ORIENTACIÓN

Organización dunha carreira de orientación na área recreativa da Veronza, entorno próximo ao centro educativo na ribeira do Avia. Os alumnos, organizados en grupos de 3, e axudándose dunha brúxula e un mapa, tiveron que completar un percorrido sinalizado con balizas nun tempo mínimo. A través desta actividade , ademais de dotar aos alumnos de ferramentas e habilidades básicas para a orientación en espazos naturais, tamén se pretendeu que aprendesen a valorar, respetar e coidar a natureza e as paisaxes da súa contorna máis próxima. Actividade dirixida polo profesor Miguel Fernández Obes.

Todo este proxecto está recollido de xeito máis completo no blog:

<https://iesoribeiroaspaisaxesdoribeiro.blogspot.com/>



Concurso Mapas - X&H

No segundo trimestre tivo lugar o primeiro concurso de resolución rápida de mapas para o alumnado de 1ª ESO. O concurso desenvolveuse en varias rondas eliminatorias que deixou fronte a fronte a Carlos Bernárdez (de 1ª B, que resultou gañador) e a Óscar González (1ªC). O gañador resolveu o seu mapa do relevo americano en sete segundos.



Concurso "Atrévete a ter unha idea" - Eduemprende

O IES O Ribeiro participou no programa "Eduemprende", e no marco desta iniciativa, xurdiu a posibilidade de participar no concurso "Atrévete a ter unha idea". O concurso consiste en desenvolver unha boa idea de negocio e expoñela nun máximo de dous folios. Busca fomentar a capacidade creativa e emprendedora dos alumnos.

Presentáronse 4 proxectos: - Raúl Meiriño -Andrea Rodriguez
- Rebeca Adriano -Eliska Piños

O premio é para un deles, e será unha Tablet.



CARPINTERÍA
PINTOS
CARPINTERÍA
PINTOS

PUERTAS
ARMARIOS EMPOTRADOS
MUEBLES DE COCINA Y BAÑO
MUEBLES A MEDIDA
TARIMAS

Telf./Fax: 988 482 201 · Movil: 669 299 801

Zona Industrial " A Cancela" 32200 CORTEGADA (Ourense)

Orlas do curso 2018-19



1° ESO A



1° ESO B



1° ESO C



1° ESO D



2° ESO A



2° ESO B



2° ESO C



3° ESO A




3° ESO B



3° ESO C



4° ESO A



4° ESO B



4° ESO C



1° Bacharelato A



1° Bacharelato B



2° Bacharelato A



2° Bacharelato B



1° FP Básica IA/MV



2° FP Básica IA/MV



1° CM EMV



2° CM EMV



1° CM AOV



2° CM AOV



1° CS Vitivinicultura



2° CS Vitivinicultura



1º ESO A



1º ESO B



1° ESO C



1° ESO D



2° ESO A



2° ESO B



2º ESO C



3º ESO A



3° ESO B



3° ESO C



4° ESO A



4° ESO B



4° ESO C



INFORMÁTICA
NOV@TEDI
 DIGITAL 



WWW.NOVATEDI.ES

C/ RIO MAO, 29 BAJOS
 32001 OURENSE - 988 60 39 10/11

brother
 at your side
 SERVICIO TÉCNICO OFICIAL

ESET
**NOD32
 ANTIVIRUS**

ASUS
 Inspiring Innovation • Persistent Perfection

FUJITSU



1° Bacharelato A



1° Bacharelato B



2º Bacharelato A



2º Bacharelato B



1º FP Básica IA/MV



2º FP Básica IA/MV



1° CM EMV



2° CM EMV




1° CM AOV




2° CM AOV



Montserrat González, Lidia Rodríguez, Luis Enrique Álvarez, M^a Carmen Peña, Rita Abóraldes, Hipólito Bonome, José Ramón Villar, M^a Teresa Piñeiro, Juan José Fernández, Eugenia Blázquez



Miguel Alejandro Abellás Rodríguez, Alba Almuíña González, Alba Alonso Soto, Sarah Alonso Vicente, David Armada González



Adrián Canda Camno, Mónica Castro Silva, Saúl Centrón Pérez, Nerea Collarte Domínguez, Sabela Conde Martínez



Lucas Enríquez Pérez, Martín Jaseiro Rodríguez, Eva García Martínez



Noa Martínez García, Camilo Martínez Reboledo, Patricia Martínez Rodríguez



Martin Neira Rodríguez Hermida, M^a José Piñeiro Cortés, Iago Pumarés Soto, Adriana Regueiro Rodríguez, Martín Rivas Menacho



Álvaro Romero Villagas, Ana Sánchez Taboada, Rocío Soalleiro Pérez, Ismael González

Cur
2018 -

Ribeiro



Pablo Armada
González




Mauro Asorey
Pousa



Carlos Blanco
Rivaia



M^a Elena Borges
González



Antía María
Cadava Cisneros



Isabel De Jesús
Castro



Anxo Diéguez
Somoza



Alba Domínguez
Barba



Nerea Doncel
Fernández



Jorge Durán
Juste

SO - 2019



Betania Vanessa
Gil Fernández



Nora González
Boussaden



Aida Machín
Fernández



Daniel Miguélez
González



Isaac Mogrovejo
Muerza



Edgar Muñiz
Vicente



Israel Rodríguez
Domínguez



Pablo Rodríguez
López



Alejandra
Rodríguez Meiriño



Helena Rodríguez
Rodríguez



Adrián Rodríguez
Vázquez



Rafael Soto
Gómez



Ana Suárez
Quintela



Andrés Tamayo
Domínguez



Glória Távares
Cerdeira



1° CS Vitivinicultura



2° CS Vitivinicultura

Departamento de Orientación

orientación

Equipo: Enrique, Familias, Autoestima

Alumnado: Emocional, Alumnado, Departamento, Educación

Cooperativo Aprendizaje

Inteligencia

emocional, mediación, profesorado, educativa, orientación, colaboración, pasión, trabajo, habilidades, educativas, empática, innovación, sociales, necesidades, valor

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN			
OBRADOIRO/CHARLA/VISITA	CURSO/S	IMPARTE	DATA
1. Prevención Violencia de xénero	3º ESO 4º ESO FPB	PERSONAL SECRETARÍA XERAL IGUALDADE	Decembro
2. Prevención Acoso escolar	1º ESO	GC-PLAN DIRECTOR	Xaneiro
3. Uso novas tecnoloxías	2º ESO	GC-PLAN DIRECTOR	Xaneiro
4. Cyberbullyng	4º ESO 1º BACH	GC-PLAN DIRECTOR	Febreiro
5. Educación afectivo-sexual	3º ESO	QUÉROTE +	Febreiro
6. Prevención consumo de sustancias: Drogas e alcohol.	FPB/1º CM 3º ESO	GC/PLAN DIRECTOR	Maio
7. Ciclos formativos.	2º BAC 4º ESO	ORIENTADOR/A PROFESORADO CICLOS CENTRO	2º trimestre Maio
8. Estudiar na universidade	2º BACH	ANTIGOS ALUMNOS	Febreiro
9. Estudiar na Universidade de Santiago	2º BACH	PERSONAL DA USC	Febreiro
10. Estudiar na ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da UDC	2º BACH	PROFESORADO ETS DA UDC	Febreiro
11. Estudiar na Universidade de Vigo	2º BACH	Personal da UVIGO	Febreiro
12. Xornada portas abertas centros adscritos	Alumnado 6º Primaria País profesorado	EQUIPO DIRECTIVO ORIENTADOR/A	Xuño

Como exemplo gráfico das diferentes actividades promovidas dende o Dpto. de Orientación, amósase unha imaxe da interesante, instrutiva e amena charla/coloquio impartida por antigas alumnas e alumnos do IES que na actualidade cursan estudos en universidades galegas.



Os nosos ciclos

CM de Electromecánica de Vehículos

Neste curso impartíronse os 2 cursos (1º e 2º) do Ciclo Medio de Electromecánica de Vehículos, así como os 2 cursos (1º e 2º) da especialización da Formación Profesional Básica de Mantemento de Vehículos. Queremos desearlles moita sorte na nova etapa, aos alumnos que actualmente están a realizar as prácticas nas empresas colaboradoras, foi un pracer tervos connosco estes anos, moito ánimo a tod@s para a nova etapas que comezades!!



O día a día no CM de Electromecánica

O primeiro que facemos é ir a clase e ver se toca ir ao taller ou dar teoría. No taller pasámolo moi ben xa sexa a clase que sexa, xa que os profesores fannos participar a todos, e ao ser poucos sempre poden explicar mellor.

Na aula, nas horas de teoría os profesores intentan que sexan máis amenas facendo presentacións e poñendo vídeos, sempre che explican as cousas o mellor posible e as veces que sexa necesario; ao contrario do que poidan pensar moitas persoas ás mulleres trátaselles moi ben e fáiselles participar en todo como a calquera rapaz. Os profesores por outra parte, son moi agradables e fannos rir moito, sempre axudan no que poden, e o mellor de todo é que nos deixan meter os nosos coches e practicar con eles..

Este, máis ou menos, é o día a día no noso ciclo, así que se estás pensando en facer o Ciclo, non o dubides, porque vas ser ben acollido e vaiche gustar. Esperámoste!



Os nosos ciclos

CS de Vitivinicultura e CM de Aceites de Oliva e Viño

Este curso o Dpto. de Industrias Alimentarias, impartiu o Ciclo Medio de Aceites de Oliva e Viños (1º e 2º), o Ciclo Superior de Vitivinicultura (1º e 2º), así coma a parte específica dos cursos de FP Básica de Industrias Alimentarias (1º e 2º).

Ao longo destes meses levamos a cabo moitas actividades relacionadas cos ciclos que impartimos, cuxo principal obxectivo é por en práctica todos os coñecementos adquiridos durante o curso na aula.

Iniciamos o curso coa vendima no viñado de San Paio cedido por Jerónimo Docampo e nos viñedos que nos presta a Estación de Viticultura y Enología de Galicia (EVEGA), que sita en Leiro, e que presenta coma unha das súas principais misións e fomentar o desenvolvemento do sector vitivinícola galego mediante a formación e o asesoramento; polo tanto, nas súas instalacións ao longo do curso realizaremos distintas actividades: vendima, poda, análíticas, etc.

Coas uvas vendimadas elaboráronse diferentes viños, ao que se lle foron realizando os acondicionamentos precisos en cada momento, análíticas e demais operacións ata o embotellado e etiquetado final e, por suposto, elaboramos Aceite de Oliva Virxe, este ano coas olivas da variedade Cobrançosa, que compramos na zona de Melón. Tamén realizamos unha visita a Almazara de Man da Moura, sita en Melón; xa que se trata dunha pequena adega que trata de recuperar a tradición aceiteira da nosa zona.

Por outra banda no noso viñado e plantación de oliveiras fixéronse tarefas de laboreo, plantación de vides, abonado, micorrizado de cepas, poda de formación, poda de frutificación e enxerta de vides. Ademais das actividades propias de viticultura, vinificación e elaboración de aceite, realizamos outras moitas como análise de aceites e refinado dos mesmos, destilación de bagazo e viño, elaboración de licores, vinagre, sidra, cervexa e vermú e realizamos as súas correspondentes análises químicas no laboratorio.

En canto ao mundo da cata, os alumnos ademais de realizar diversas catas (de bebidas) ao longo do curso, contaron coa visita de Jorge Vila (experto no campo), que impartiu unha clase práctica de cata.





Tamén asistimos a Vinisterrae, cos nosos alumnos, xa que se trata dun Salón do Viño e dos Licores galegos de Calidade, no que tamén ademais de visitar os distintos stands, tamén asistimos a unha clase de cata comentada de distintos viños.

Unha das últimas actividades que realizamos todos os anos, na que participamos tanto os alumnos como todos os membros do departamento de Industrias Alimentarias, é a asistencia a 56ª Edición da Feira do Viño do Ribeiro, na que presentamos 3 viños (dous brancos e un tinto) seleccionados entre os distintos viños elaborados ao longo do ano polos alumnos de CS de Vitivinicultura e CM de Aceites e Viños; así como a presentación de diversos produtos alimentarios no “Showcooking”, elaborados polos alumnos de F.P. Básica de Industrias Alimentarias. Sendo esta Feira un momento apropiado para dar a coñecer o traballo realizado polo alumnado de Ciclos e Formación Profesional, así como que os nosos alumnos se poñan en contacto coas distintas adegas da zona.

As actividades complementarias e extraescolares foron moitas: Xornada de poda e enxerta no viñado de Os Chancís (Concello de Sober), visita a adegas de distintas denominacións de Orixe, tales como Guímaro (Sober), Regina Viarium (Sober), Martin Codax (Cambados), Paco y Lola (Meis), Cumes do Avia (Ribadavia) e Adega de Bernardo Estévez (Arnoia); as dúas últimas dedicadas a produción de viño ecolóxico. Tamén realizamos unha visita a Viña Costeira, onde nos explicaron cal é o Sistema de Calidade que teñen implantado, sendo este un punto moi importante a ter en conta nunha adega.

Para completar os seus estudos, tanto os alumnos do segundo ano do Ciclo Medio de Aceites de Oliva e Viños e do Ciclo Superior de Vitivinicultura, teñen que realizar a Formación en Centros de Traballo, para o que contamos con adegas, laboratorios enolóxicos ou fábricas de aceite como colaboradores. Dous destes alumnos do 2º ano do Ciclo Superior de Vitivinicultura, realizaron esta formación en Oxney Organic State, no Reino Unido.

O noso especial agradecemento a Paco Rego, que desinteresadamente acudiu ao instituto para impartir varias xornadas prácticas e teóricas ao noso alumnado; e tamén aos centros colaboradores: EVEGA, Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro, Jerónimo do Campo (Adega Docampo), Aceites Abril e Concello de Sober (Finca os Chancís) e, por suposto, a todo o noso alumnado: moita sorte no voso camiño aos que xa rematades!!, e aos que seguides: ¡esperámosvos no próximo curso!!



Actividades de F.O.L.

Actividade - Edumprende Actúa

Dentro das actividades extraescolares do Departamento de Formación e Orientación Laboral, o pasado mércores 27 de novembro o alumnado das familias profesionais de Mantemento de Vehículos e Industrias Alimentarias pertencentes aos ciclos de Electromecánica, Aceites e Viños e Vitivinicultura participaron nas actividades contempladas dentro do Eduemprende Actúa.

Realizouse una charla sobre emprendemento levada a cabo por una técnica do IGAPE, comentando os aspectos máis importantes para emprender. Ademais dúas emprendedoras da comarca, Sofía e Patricia, da empresa "levinRed" comentaron a súa experiencia emprendedora. Esta empresa dedícase a venda de cosméticos que conteñen viño para aproveitarse das súas propiedades beneficiosas aplicadas a estética.



Obradoiro de 1os auxilios - Cruz Vermella

Outra actividade do Departamento de Formación e Orientación Laboral, foi un obradoiro de Primeiros Auxilios. O mércores 9 de abril o alumnado de 1ª de FOL, participou nesta actividade impartida pola Cruz Vermella de Ribadavia, e que se levou a cabo nas instalacións do centro educativo.

O alumnado puido practicar en bonecos especiais as manobras de Reanimación Cardio-Pulmonar e aprender como actuar ante determinadas situacións de emerxencia que se poden dar na vida cotiá.



Explicacións básicas de Primeiros Auxilios




Practicando a RCP

Escape Room no IES O Ribeiro

O pasado 12 de abril de 2019, o venres xusto antes de marchar de Semana Santa, tivo lugar no edificio Ribeiro do IES unha interesante actividade na que colaboraron un gran número de docentes, e que consistiu en organizar un Escape Room no edificio Ribeiro. Así, 6 membros de dptos. (Orientación, Bioloxía, Música, Matemáticas, Xeografía e Historia + Biblioteca e Lengua), así como outr@s compañeir@s que botaron unha man, montaron un Escape Room de 6 salas na 1º planta. Participaron diversos equipos do IES, de diversas etapas e cursos, incluíndo un equipo da FP Básica/FP EM que representou ao edificio abrente facendo un moi bo papel.

A actividade acadou un notable éxito pese a ser a 1º edición e sabendo que os comezos son sempre difíciles, e a labor organizativa era ardua. O alumnado participou, implicouse, e manifestou posteriormente telo pasado moi ben. O grupo gañador foi o formado polos alumnos Diego Alberte, David Araújo, Carlos





Roberto Fernández Otero

**Instalaciones de Electricidad,
Fontanería y Calefacción**

Abelenda das Penas s/n
32433 Ourense
Móvil 616 493 216
E mail- Instalrober@gmail.com

INSTALPRO

Dinámicas participativas - Módulo C.A.I - 1º FPB

Aproveitando a presenza de Adrián os martes no edificio Abrente do IES O Ribeiro, e grazas a súa boa disposición, e a colaboración inestimable da súa PT (Verónica); algúns deses martes, en clase Ciencias Aplicadas I, tratamos de levar a cabo actividades máis amenas, dirixidas a fomentar a socialización do grupo, a estimular a creatividade e colaboración entre o alumnado, e -por que non dicilo tamén-, pasar un bo rato entre tod@s.

Acollidas con desigual éxito, e tomando nota dos fallos para melloralas de cara ao futuro, cabe destacar entre elas, dúas das que mellor aceptación e resultados acadaron dentro do grupo.

DESEÑANDO LOGOS - FABRICANDO CHAPAS: na busca dun símbolo representativo da clase.

Nesta actividade, se propuxo primeiramente o deseño dun logo para a clase no seu conxunto, ou mellor aínda, un para cada unha das dúas especializacións existentes: Industrias Alimentarias e Mantemento de Vehículos. Falamos da importancia dos logos, dos símbolos, revisamos algúns dos das marcas-grupos máis coñecid@s. Nesta primeira fase había que bosquejar, a man, sobre un círculo de 36 mm, e con técnicas plásticas básicas, un símbolo chulo que representara a cada familia, cunha pequena lenda identificativa. A idea era seleccionar os mellores deseños, para fabricar chapas (imáns e pega-vidros) con eles, elixindo por votación un gañador para cada familia. O premio por participar era unha pequena recompensa académica para os gañadores (1 punto positivo), así como a posibilidade por participar, de poder usar a máquina para facer chapas con deseños persoais xa para cada un. Analizamos como funciona a máquina, e vimos as posibilidades das chapas, imáns, “imáns” para vidros, como elementos de marketing das empresas ou iniciativas sociais. Para facer os deseños definitivos empregamos un editor web online e incorporamos outros recursos como fotos etc.



RETO DA NUBE: UNHA TORRE ATA A NUBE

Adaptamos o coñecido “MarshMallow Challenge”, para montar unha pequena competición entre equipos para ver quen o facía mellor. Primeiro sen coñecer nada do tema, e posteriormente cun “desquite” xa podendo buscar información durante a semana para mellorar os resultados.. Vimos as 2 charlas do TED asociadas, a idea primixenia, e as conclusións moi interesantes, que se obteñen polo mundo ao lanzar este reto en diversos ámbitos e analizar os resultados.



Industrias Alimentarias: 56ª Feira do viño de Ribadavia

A FP Básica na Feira do viño

O domingo 5 de maio ás 17 h, dentro do programa da 56ª edición da Feira do Viño do Ribeiro, no recinto da Aula Galicia Calidade, tivo lugar, por segundo ano consecutivo, a promoción dos ciclos formativo da familia profesional de Industrias Alimentarias do Instituto de Educación Secundaria O Ribeiro. O director do centro presentou o ciclo de Formación Profesional básica de Industrias Alimentarias, de grao medio de Elaboración de Aceites de Oliva e Viños e de grao superior de Vitivinicultura.



Durante a mesma, realizouse unha mostra e degustación de produtos elaborados polos alumnos do ciclo de Formación Profesional Básica e comentada polos docentes do ciclo. Entre os produtos a degustar destacaron un paté “mariñeiro”, un paté de mexillóns e un paté de queixo e nozes, salmón afumado, regañas e unha exquisita mousse

de mascarpone con compota de mazá.



Todos os produtos acompañáronse de tarxetas e etiquetas que amosaban a lista de ingredientes, alérxenos e valores nutricionais, elaboradas tamén polos alumnos.

Para rematar, déronse a probar tres viños elaborados na bodega do centro polos alumnos do ciclo medio de Aceites de Oliva e Viños: un viño branco elaborado con uva da variedade Godello e un viño branco plurivarietal, ambos con crianza sobre lías durante 6 meses e un viño tinto con uvas das variedades Sousón e Brancellao, sen crianza. As uvas empregadas foron colleitadas dos viñedos pertencentes ao propio instituto onde os alumnos practican os coidados da viña ó longo do ano académico.



A FP Básica de I. A. no seu segundo ano de implantación

Este curso 2018-2019 xa é o noso segundo ano. Empezamos o ano botándolle unha mao ós nosos compañeiros, do ciclo medio e do ciclo superior, na vendima e nas primeiras etapas da elaboración dos viños na nosa bodega.

No laboratorio, aprendemos a facer moitas cousas novas como: disolucións, medios de cultivo para microorganismos, operacións de filtración, decantacións. Na nosa cociña, elaboramos toda clase de produtos alimentarios, pasando por case todos os sectores de transformación industrial, realizando elaborados cárnicos como albóndegas, croquetas e hamburguesas; conservas vexetais como purés de verduras, marmeladas e compotas; produtos de industrias pesqueiras como salmón afumado, bonito en aceite, mexillóns en escabeche, barriñas de pescado rebozadas; produtos lácteos como kékfir de leite, manteiga, xeados; pratos preparados como pizzas, paella, tortilla de patata, canelóns, lasaña e produtos do sector da panadería e repostería como panes especiais, galletas e tartas variadas. Non so aprendemos a elaboralos, tamén a envasalos hermeticamente en diferentes presentacións comerciais, realizar todos os tratamentos de conservación necesarios e etiquetalos correctamente para poder ser postos á venda.

Pero tamén estivemos fora do centro, para botar unha ollada o exterior, cara o noso futuro profesional: fomos ó CETECA (Centro Tecnolóxico da Carne, Pereiro de Aguiar) onde percorremos todas as instalacións acompañados polos responsables das mesmas e puidemos observar o traballo diario deste centro investigador nos laboratorios e na planta de produción de produtos cárnicos, onde deseñan produtos innovadores. Participamos na elaboración de queixos en “O Rexo”, en Allariz, onde se elabora o único queixo galego de ovella, vimos a súa nave de cría e muxido de ovelas e a queixería e sorprendeunos que para facer 1 Kg de ese exquisito queixo precisamos alomenos de 5 L de leite!! e entendemos o porqué do seu elevado prezo. En Xinzo, visitamos a Cooperativa Antelana, onde fomos testemuñas directos de como se deben levar a cabo as labores de coidado e muxido das vacas para obter a leite de mellor calidade. Visitamos tamén Vinisterrae, a feira de exposición de viños en Ourense, as bodegas Paco y Lola, en Meis, Martín Códax en Cambados, Adegas Guímaro e Adegas Regina Viarium, en Sober, onde tamén realizamos actividades de poda.

Os alumnos de 2ª curso, estamos a realizar a FCT, formación en centros de traballo, entre os meses de abril e xuño, ¡¡as nosas primeiras prácticas en empresas¡¡, poñendo en práctica todo o aprendido no ciclo e mergullándonos por primeira vez no mundo laboral!!!. Como vedes foi un ano moi completo.



Entrevista a Adrián (alumno de FP Básica de Industrias Alimentarias en situación de escolarización combinada con outro centro).

1. Cantos anos levas matriculado no instituto?

Dous anos. O ano pasado viña un día á semana, este ano veño 2 días.

2. Que estudias?

Industrias Alimentarias (FP Básica).

3. Como te sentías cando empezaches o instituto?

Ao principio tiña timidez.

4. E agora?

Agora síntome mellor gracias a os meus compañeiros, os profes e Carlos (o conserxe).

5. Que materias tes? Que é o que máis che gusta de cada unha delas?

- Elaboración de Produtos Alimentarios con Ángela e Mónica. Aprendo cousas na clase de teoría e gústame baixar á cociña.
- Operacións de Acondicionamento na Industria Alimentaria (OAlA) e Almacén con Óscar. Gustoume facer o deseño dun almacén, axudar a organizar e limpar a cociña despois do procesado de alimentos.
- Ciencias Aplicadas con Quique. Estou na clase cos rapaces cando dan o apartado de ciencias (apréndense cousas sobre a enerxía, laboratorios...). Gústame ver os documentais, o reto de ciencias de construír unha torre de espaguetis (o meu equipo gañou unha ronda), aprender sobre o corpo humano e expoñer para os meus compañeiros.

6. Cales son os bos momentos que recordarás deste curso?

Enchéronme de alegría moitas cousas:

- Traballar na cociña. Preparamos e envasamos confitura de uva (das viñas do instituto), compota de mazá (recollida no instituto), churrasco, arroz, patés e bacallau (aínda que o bacallau foi un desastre).
- Preparar o showcooking co que participamos na Feira do Viño de Ribadavia. Eu preparei os panes para levar, aínda que logo non puidera ir o día da feira.
- Facer os pedidos por teléfono e ir á compra.
- Axudar cos meus compañeiros na vendima. Despois fomos todos xuntos á cafetería, era a primeira vez que podía ir con rapaces da miña idade.
- O día que me entregaron a bata de traballo co logo do instituto.
- Decorar o centro polo Nadal. Eu empecei con Carlos e despois a xente uniuse e había cousas de Nadal por todos lados.
- Estar con rapaces da miña idade. Coñecín máis cancións actuais gracias a un dos meus compañeiros (Fabian). Agora teño unha guía con un montón de cancións. A que máis me gusta é a canción de "Calma" e o estribillo "vamos a la playa...").
- Gustábanme tamén os momentos de descanso, pasar pola cafetería e coller algo da máquina.



Adrián sorrindo (case sempre sorrí :))



O almacén deseñado por Adrian

Ademais, agora eu son máis independente e atévome a facer cousas novas: coller o transporte eu só, manexar a máquina de comidas e bebidas... Tamén mellorei no manexo e uso do ordenador: usar YouTube e Google, buscar imaxes, copialas e pegalas para facer presentación en Powerpoint, empezo a manexar un programa de deseño...

7. Para rematar, que opinas de facer Industrias Alimentarias no instituto?

En xeral, este curso foi todo fenomenal, gustoume moito a experiencia de estar neste instituto.

Agradézolles a todos este ano.


Asdo.: Adrián



As mans dos compañeiros de IA



O equipo de Adri no reto da nube



Apuntes de Adrián con algo de axuda

Nota do equipo de edición: Para que Adrián se encuentre a gusto e participara con aproveitamento e ilusión, foi fundamental a presenza de Verónica (PT) e Sarmiento (Orientador) como apoios. É fundamental que existan apoios tamén na FP Básica para todo o alumnado que teña necesidades educativas especiais.



Concello de
Avión



Patrimonio natural

Excursión ás Terras de Verín

Neste curso tamén participamos no programa “coñece Ourense” patrocinado pola Deputación de Ourense. En novembro, o alumnado de 1º de ESO viaxou ás terras de Verín, para coñecer de cerca esta comarca.

Visitaron un museo en Verín, visitaron a propia vila, acudiron a coñecer o Castelo de Monterrei, e en xeral mergulláronse na beleza da comarca do Támega. Foi, aparte dunha xornada de descubrimento doutra zona, unha xornada de convivencia entre eles, na que confraternizaron e se coñeceron mellor.

Os alumn@s viñeron moi contentos de coñecer esa zona de Ourense que para moit@s del@s era a primeira vez que visitaban...



Concello de Arnoia



Onde a auga reza, o viño fala e a pedra cala

Saída ao teatro

"Language planning" - Os Quinquilláns

O pasado decembro, organizada por Normalización e o Dpto. de Galego, alumnado do IES O Ribeiro acudiu a ver unha obra de teatro que lles causou, en xeral, un profundo impacto, e que lles gustou moito. Un dos alumnos cóntanos a saída e transmite o que a obra lles fixo sentir e reflexionar...

O galego, o símbolo de identidade dun pobo

O día 11 de febreiro o alumnado do IES o Ribeiro mais algúns membros do profesorado xunto con outros centros da provincia, acudimos ao auditorio de Ourense para presenciar unha obra de teatro representada polo grupo "Os Quinquilláns", titulada "Language Planning", e que é unha peza que se basea nos capítulos máis significativos do libro Made in Galiza de Séchu Sende.

Durante o transcurso da obra todos os alí presentes reflexionamos sobre a situación que está sufrindo o galego na actualidade reflexada a través das accións vistas na obra, exercidas por un sector da sociedade que o considera inferior e atribúenlle prexuízos absurdos considerándoa unha lingua que só serve para situacións coloquiais e para o ámbito familiar.

Un pobo sen memoria é un pobo morto, polo que todos os galegos temos que persistir ante as adversidades e temos que defender a nosa identidade que é o que nos fai únicos. Así o fixeron outras persoas cando o galego atravesaba as épocas escuras. Son un claro exemplo dos valores dun pobo que vai construíndo a súa historia e ninguén a poderá ocultar nin destruír. Así, pois, o obxectivo é fomentar a importancia que ten o noso pobo, a nosa lingua, a nosa cultura, o noso espírito e, sobre todo, os nosos valores. Xa que moitas persoas, para que nós hoxe aínda conservemos esta lingua, tiveron que padecer sufrimentos, burlas e discriminación polo simple feito de usar a súa propia lingua na súa terra. Temos que aprender a querernos máis, a desfrutar do noso, das nosas tradicións, dos nosos costumes, da nosa literatura... Hai que deixar de importar tantas modas estériles, ocas e sen sentido que o único que conseguen é inocularnos o virus da alienación. As xeracións novas, ás que nós representamos, temos a obriga de perpetuar no tempo estes valores puros que son a esencia da razón mesma que nos impulsa a ter este sentimento de pertenza a unha comunidade, a un pobo, a unha terra, a unha identidade e a unha cultura propia. E, todo isto, dende a liberdade individual de pensamento.

Viva Galiza, nosa nai

Xián Antón Lorenzo (3^a Eso B)



Saída a Guimaraes

O alumnado de 3^a da ESO e mais algúns membros do profesorado dos dptos. de Debuxo e XH, adentrámonos nunha cultura irmá á nosa, presenciando o berce do rexurdimento de Portugal: a cidade de Guimaraes onde se produciu a súa independencia no ano 1640.

Na nosa estancia de dous días en Guimaraes, visitamos os lugares máis emblemáticos como o Castelo, o Pazo dos Duques de Braganza, o Centro da Ciencia Viva, a zona de Couros, o Largo da Oliveira, a Citania de Briteiros e as rúas máis destacadas pola súa historia ou a súa orixinalidade. Todas as visitas se acompañaron das respectivas explicacións da guía, que foron de gran axuda para poder ampliar a nosa cultura acerca de Portugal e a súa historia.

Xián Antón Lorenzo (3^a ESO B)



Saída a Santiago - Artigo Táboa Periódica

O día no que o coñecemento sumiu a razón dun grupo de mozos e mozas na cidade da cultura e da sabedoría, a nosa capital, Santiago de Compostela.

A historia é unha continuidade de feitos que acontecen pola progresión da razón ou polo destino da sabedoría.

Naquel intre, no cal nos atopábamnos no lugar onde reside a ciencia e o progreso, nós, un grupo de estudantes de 3 ESO do instituto IES O Ribeiro que elaboráramos un traballo sobre o Tungsteno, coa axuda da nosa profesora de Física e Química, Conchi Ramos, fomos conscientes do significativo que era poder ter a oportunidade de estar na nosa capital e no lugar onde mana a ciencia e o coñecemento, o lugar emblemático da Química, a Aula Magna.

O día 24 de maio foi o día no que a realidade nos mostrou o destino de moitas xeracións, xa que a cultura é necesaria para entender, comprender e crear a túa opinión sobre os diversos acontecementos que suceden ao noso redor. Un día que perpetuará na nosa memoria.

Temos que ser conscientes de que temos que aproveitar todas as oportunidades que nos xerará a vida, xa que moitas persoas desexarían poder ter as nosas oportunidades pero non poden pola sociedade presente nos nosos días, e a todas esas persoas temos que axudalas, son os nosos irmáns e irmás e todos temos que contribuír na igualdade e liberdade para poder crear un mundo no que cada persoa poida ter as mesmas oportunidades.

Tras a cerimonia celebrada na Facultade de Química, continuamos a nosa viaxe pola ciencia na exposición de Leonardo da Vinci, onde a arte, a ciencia e o progreso era o núcleo da súa sabedoría e coñecemento, o cal o futuro era o seu presente.



Linguas clásicas

Olimpiadas de Tradución de LC

O día 4 de abril, os alumnos de 2º bacharelato, Ana Sánchez Taboada e Jorge Durán Juste, acudimos ás Olimpiadas de Tradución de Linguas Clásicas celebradas na Facultade de Filoloxía de Santiago. Alí, acompañados polo noso profesor de latín e grego, Antón Carballude, participamos nun concurso con preto de 100 alumnos de toda Galicia estudantes de linguas clásicas. Tras a experiencia, podemos dicir que repetiríamos sen dúbido e recomendamos moito a experiencia, pois axudounos a comprender que hai moitísima xente estudando linguas clásicas coma nós e que o latín e o grego, a pesar do que moitos pensen, non son para nada linguas mortas.



Ana Sánchez e Jorge Durán (1ª Bach)

Teatro grecolatino en Ourense

O As alumnas e alumnos de 1ª e 2ª de Bacharelato e 4ª da ESO xunto cos de Artes Escénicas do mesmo curso, tivemos a oportunidade de asistir a unha das xornadas de Teatro Grecolatino en Ourense, o día 25 de Marzo.

Pola mañá tivemos o pracer de acudir ao auditorio municipal para ver a comedia A Cestiña, de Plauto, na que gozamos e rimos moito, xa que os actores deron o cen por cen para facer que o público pasase xunto a eles un rato agradable.

Despois de un agradable paseo da maioría de nós cara o centro comercial e dun pequeno tempo de lecer logo de comer, tivemos o privilexio de asistir á exposición “Castelao e Prada, irmaus!” na Deputación de Ourense.

Posteriormente, despois de pasar uns agradables minutos aprendendo sobre o pasado de Galiza e destes dous influentes personaxes, retomamos o camiño cara ao auditorio para tomarmos parte da traxedia “Edipo

Rei” de Sófocles, representada pola mesma compañía, que de novo, dando todo o bo de cada actor, conmoveu ao público.

Todo isto os alumnos fixémoslo acompañados polo profesor de lingua e literatura Grecolatina Antonio, Carballude e pola profesora de lingua e literatura Galega, Rita Abralde.

Ao rematar a xornada de actividades, satisfeitos e contentos pero algo cansos, tanto alumnos como profesores voltamos á casa despois de un día de aprendizaxe extraordinario.



Ana Suárez (2ª Bach.)

Excursión Convivencia en Compostela

Este ano o departamento de relixión organizou unha excursión a SANTIAGO DE COMPOSTELA, á que acudiron os cursos de 3º, 4º de ESO e 1º de bacharelato. A viaxe de ida foi tranquila e animada.

Cando chegamos, o profesor Pepe fíxonos unha pequena guía polos arredores da Catedral. A continuación dirixímonos á colexiata de Santa María do Sar, onde un vicario da diocese de Ourense deunos a benvinda (eramos alumnos de moitos institutos de Ourense) e a continuación pasamos a visitar o interior da igrexa que estaba torcida, posiblemente debido a unha mala cimentación. Ao finalizar a visita da colexiata percorremos andando o último tramo do Camiño de Santiago.

Ao chegar á catedral cumprimos co tradicional rito de abrazar ao apóstolo Santiago e visitar a súa tumba. Ó finalizar a visita da catedral (que foi breve debido a que está en obras) sacamos unhas cantas fotos na praza de Praterías e, como era hora de xantar, acordamos cos profesores unha hora razoable de tempo libre.

Xa pola tarde achegámonos ata preto de Lalín, e visitamos o museo Casa do Patrón, onde nos ensinaron diferentes artilleiros de agricultura, de elaboración do liño, unha casa típica galega e unha escola antiga entre outras moitas cousas, a viaxe de regreso foi bastante movida, (non si Jesús?)

Ismael Sotelo Villar (3ºB)



Concello de
Cenlle



Paisaxe, viño e termalismo

Actividade - Francés

Teatro

O xoves 28 de Febreiro, o alumnado de Francés de 4º ESO realizou unha visita ó Teatro de Ourense. A iso das 11:30, chegamos preto das Burgas e fomos camiñando ata alí. Xa dentro, desfrutamos da estupenda representación en francés da traxicomedia “Cyrano de Bergerac”.

Ó finalizar a nosa sesión fixemos diversas preguntas sobre a propia compañía e a posible dificultade de realizar unha obra nunha lingua estranxeira.

Despois, o profesorado deixounos tempo libre para poder ir comprar a pequenos comercios da Praza de San Lázaro. Para rematar a xornada, volvemos ó instituto logo dunha magnífica excursión.

Iago Francisco Fírvida e Abraham Rodríguez Santamaría (4ª Eso)



Tes que vir, tes que ver

Actividades deportivas

Seguindo coa programación dos últimos cursos, o IES O Ribeiro participou nas actividades deportivas de Campo a través, Bádminon e Fútbol Sala. Estes foron os resultados recollidos en cada unha das modalidades.

Campo a través

Fase comarcal (O Xestal)

Categoría Cadete feminino

1. Eliska Piños
2. Ainhoa Carrera
3. Rocio Álvarez
4. Cristina Ene Marilena
5. Miriam Casas
6. Lucía Crispín
7. Elisa Martínez
8. M^o Fernanda Cruz

Categoría Cadete Masculino

1. Simón Álvarez
2. Adrián Chillón
3. Héctor Janeiro
4. Juan González
5. Iván Domínguez
6. Gabriel Rodríguez
7. Manu Prol
8. Daniel Rios

Categoría Infantil Feminino

2. Uxía Dávila Rodríguez
4. María Touza Fernández
5. Victoria Martínez

Categoría Infantil Masculino

1. Aldo Montes Garcia
2. Oier Galán Candelas
3. Brais Soto Fernández
5. Jorge Araújo Montero

Fase Provincial

Acudimos a Monterrei moi mermados pola coincidencia de partidos de balonmán e de fútbol que condicionou a nosa participación no Campo a Través. Aínda así destacou Simón Álvarez que quedou de 5^a, e a participación do equipo cadete feminino que quedou de 4^a. Formaron este equipo: Eliska, Rocio Álvarez, Cristina Ene e Noa Estévez.



Bádminton

O campionato de bádminton celebrouse o día 12 de abril no pavillón do noso centro e contou cunha gran participación.

Estes foron os vencedores de cada categoría:

Categoría infantil masculino

1. Jorge Araújo
2. Carlos Bernárdez
3. Daniel Rios
4. Diego Alonso

Categoría infantil feminino

1. Eliska Piños
2. Lara García
3. Noa Estévez
4. Claudia Rodríguez

Categoría Cadete masculino

1. Abrahan Rodríguez
2. Simón Álvarez
3. Manu Prol
4. Sergio Lorenzo

Categoría Cadete feminino

1. Andrea Rodríguez
2. Carolina Neira
3. Angela Canitrot
4. Icia Durán



Patrimonio, natureza e futuro



Concello de Melón





Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

Intercambio Erasmus +

Durante o curso 2018-2019 o IES O Ribeiro e o colexio irlandés Coláiste Ghlór Na Mara puxeron en marcha un proxecto de 18 meses titulado “Medieval Villas Sustainable Development Studies and EU town-twinning” (ERASMUS + KA219 2017-2020).

Este proxecto Erasmus Plus K 219 consistiu nun traballo continuado de varios meses e dúas viaxes de intercambio de unha semana cada unha. Os profesores irlandeses e os alumnos irlandeses foron os primeiros en viaxar: viñeron o 4 de abril e marcharon o 11. O recibimento tivo lugar no patio do IES O Ribeiro á tardiña con moita expectación e nervios. O principio todos estivemos cohibidos pero pouco a pouco fómonos coñecendo. Durante a semana fixemos actividades varias: 3 xincanas culturais (Ourense, Santiago de Compostela e Ribadavia), charlas sobre o viño e a Istoría, paseos, actividades de ocio (termas de Prexigueiro, sesións de fútbol gaélico, unha sesión de cine). Tamén nos ocupamos da gastronomía: un día visitamos a feira e probaron o polbo (en xeral, non lles gustou) e descubrimos que os churros xa os coñecían. O derradeiro día a ANPA portouse fenomenal aportando delicias locais para que levasen un bo recordo. Comprobamos que o pasado medieval perdura na nosa vila: a produción de viño -o puntal da economía medieval local- segue sendo fundamental hoxe; a paisaxe natural e a paisaxe urbana (afortunadamente conservada e incorporada con novos usos, como ben nos ensinan o castelo e a oficina de turismo), as festas medievas(Istoría) a artesanía medieval (os adobíos da Istoría), etc. Aprendemos moitas cousas mais unha das máis gratas foi a comunicación que establecemos e a proximidade que se creou. Aínda que ao principio foi difícil, ao pasaren dous días todo foi xenial : éramos coma irmáns). O ultimo día isto quedou patente na despedida. Hai un vídeo en Youtube que o deixa ben claro (https://youtu.be/VM_HrIc7XdY). Quedamos con gana de volver vernos.



A segunda viaxe tivo lugar entre o 28 de abril e o 5 de maio. Voamos dende Porto a Dublín e desde alí fomos a Balbriggan. A cidade non é moi grande mais está en plena expansión. A paisaxe é moi bonita, moitas veces parecida á nosa: praias, granxas, bosques... mais algo que nos sorprende foron as tumbas de pasadizo do condado de Meath (enormes cuñias que en realidade son monumentos prehistóricos). Gustounos moito a illa de Ireland's Eye. Visitamos varios castelos (un deles é realmente unha mansión). A xente non é tan diferente da xente nosa: son persoas moi educadas, agradables, acolledoras, amigables e familiares, aparte de ser moi tradicionais tamén. Unha delas, que tivo a xentileza de recibirnos na Casa do Concello, foi o alcalde do condado de Fingal, o señor Anthony Lavin.



ARDGILLAN CASTLE

Antes de entrar, gozamos do parque desta mansión. Unha vez dentro, un amable guía falounos da historia dese “castelo”, ensinounos moitas salas como o comedor, a cociña (na que certas partes estaban a unha altura baixa porque os nenos tamén traballaban alí), a biblioteca (cunha porta camuflada que parecía simplemente un moble onde se gardaban libros) e tamén nos contou como era o modo de vida da xente nese sitio, p. e. como se movían os serventes pola mansión sen coincidir cos señores, como conservaban os alimentos etc. Ao rematar a visita fixémonos unha foto todos xuntos.



IRELAND `S EYE

Ata esta illa fomos en grupos en varios barcos pequenos. É unha illa rodeada de augas cristalinas preciosas. Alí os profes déronnos tempo libre. Xantamos, paseamos, tomamos o sol, xogamos ao fútbol fixemos camiñadas, xogamos a facer rebotar pedras na auga. Tamén vimos¡FOCAS!
Divertímonos todos xuntos e admiramos moito as vistas ao noso redor.



CASTELOS

Visitamos tres castelos: Bremeore Castle (en Balbriggan), Trim Castle (en Trim) e Swords Castle (en Swords). Ao Trim Castle dedicámoslle máis atención xa que fixemos unha visita guiada.



TRIM CASTLE

Trim Castle (irlandés: Caisleán Bhaile Atha Troim) é o maior castelo normando de Irlanda.

Cando entramos no castelo unha guía explicounos un pouco sobre el, ensinounos o sitio onde se deixaban as armas antes de entrar de todo ao castelo e cando fomos máis dentro vimos unhas maquetas que mostraban o castelo con todas as súas torres e todo o que contiña e a muller falounos de como se construíu. Logo comezamos a subir ata arriba de todo.

Cando chegamos arriba de todo observamos o alto que era , e tamén as bonitas vistas que se contemplaban desde ese sitio.

A continuación baixamos da torre e saímos do castelo e sacamos fotos :



TEMPO LIBRE

No noso tempo libre fixemos cousas moi variadas. Un día fomos a unha zona de xogos bastante grande. Tamén fomos de compras a moitas tendas. Unha das mellores cousas foi visitar Dublín. Alí aprendemos sobre a historia medieval irlandesa (celtas, viquingos e normandos) no museo “DUBLINIA” . Fixemos un xantar conxunto nunha hamburguesería especial, “Captain America”. Vimos monumentos e lugares históricos (Trinity College, o Concello, etc.) e tivemos que atravesar varias veces o río Liffey. Chamáronnos a atención os “buskers”, os músicos de rúa, moitos e moi bos. E nas dúas últimas noites fixemos festa nas casas de dúas rapazas para pasar un bo rato.

Agora só nos queda manter estas boas vibracións cos nosos novos amigos e animar a todos a seguir a participar nos proxectos Erasmus+.

Icía Álvarez, Ángela Bruquet, Ángela Canitrot, Uxía Fernández, Sila Fernández, Markel Galán, Cristian Justo, David Márquez, Sofía Míguez, Adrián Mogrovejo, Anezka Piños, Ainoa Sánchez, Iria Taboada, Clara Vázquez, Miguel Villar.

Patrimonio artístico



Concello de Beade





Normalización

Día das letras galegas 2019



Este ano o día das letras galegas estivo dedicado a Antonio Fraguas, e nosoutros lembrámolo mediante diversas actividades nas aulas, e mediante murais na entrada do IES.

Animámoste a revisar os datos máis relevantes da súa vida, facendo de novo o test que se encontra nos paneis da entrada do instituto. Desta seguro que sacas un 10!

TEST ANTÓN FRAGUAS:

Como de ben o coñeces?

- O segundo apelido de Antón FRAGUAS era ...
 - Seoane.
 - Fraguas.
 - Castro.
 - Seara.
- Naceu na comarca pontevedresa de...
 - Bergantiños.
 - Viana.
 - Ordes.
 - Cotobade.
- En cal destes campos NON destacou?
 - Poesía.
 - Etnografía.
 - Antropoloxía.
 - Xeografía.
- Quen compila datos no terreo, tendo como informantes aos integrantes dunha comunidade dada?
 - O historiador.
 - O poeta.
 - O xeógrafo.
 - O etnógrafo.
- En 1923 axudou a fundar unha sociedade que defendía o galego e que se chamaba...
 - Real Academia Galega.
 - Sociedade da Lingua.
 - Círculo Mercantil.
 - Círculo Ourenán-Vigués.
- Foi ... polo réxime franquista.
 - louvado
 - represaliado
 - condecorado.
 - promovido.
- Foi director do ...
 - Museo Etnolóxico de Ribadavia.
 - Museo do Mar de Galicia.
 - Museo Arqueolóxico de Ourense.
 - Museo do Pobo Galego.
- Foi un dos primeiros en usar o galego na radio no ano ...
 - 1920.
 - 1932.
 - 1950.
 - 1980.
- A súa tese de doutoramento trataba sobre o/a..., sito/a en Santiago de Compostela.
 - Catedral de Mondoñedo.
 - cidade de Tui.
 - Colexio de Fonseca.
 - Rosalía de Castro.
- É falso algo disto? Pertenceu ...
 - ás Irmandades da Fala.
 - ao Seminario de Estudos Galegos.
 - á Real Academia Galega.
 - ao Consello da Cultura Galega

Solucións: 1b -2d-3a-4d-5b-6b-7d-8b-9c-10 Todo verdadeiro



Castro de Miño



Natureza,
deporte e vida



Saída - Ruta Xeolóxica

Actividade: “Descubriendo as rochas que pisan”

Á actividade tivo lugar o pasado 6 de xuño, e foi organizada polo Dpto. de Ciencias Naturais, asistindo o alumnado de Bioloxía e Xeoloxía de 4º ESO A, 4º ESO B, e 1º BACHARELATO. Esta actividade está englobada dentro do Plan Proxecta “As paisaxes do Ribeiro” xa descrita con anterioridade.

Datos do Xeólogo: Francisco Canosa Martínez. Doctor en Xeoloxía pola Universidade de Oviedo. Especialista en xacementos minerais, mineraloxía e petroloxía do Noroeste da Península Ibérica

Ruta Cortegada-Ribadavia:

1ª parada: Coto do Castro (Santa Cristina)

Neste lugar visitouse unha zona mineira de explotación de filóns de seixo con wolframita, mena ou fonte do wolframio, un mineral moi demandado na segunda guerra mundial para a fabricación de material bélico.

2ª parada: Miradoiro das Fichocas

Lugar que permitiu ollar unha boa vista panorámica do val do río Miño, que neste treito ten varios meandros. Do mesmo xeito os cambios na vexetación axudan a identificar o tipo de rochas que hai no terreo. Rochas metamórficas que dan solos moi pobres e polo tanto con pouco recubrimento vexetal (arbustos, dándose ben o brezo) e rochas magmáticas (granito), que orixinan solos ben formados e con abundante vexetación (árbores).

3ª parada: O Coiñado

Excelente afloramento de aplitas e pegmatitas (en filóns), rochas subvolcánicas asociada a granitos (neste caso granito de dúas micas) e fontes naturais de metais estratéxicos como o coltan, litio, rubidio ou cesio.

4º parada: Rabiño

Corte na estrada onde afloran materiais metamórficos (xistos micáceos), do Grupo Paraño formados hai máis de 450 millóns de anos. Entre eles aparecen intrusións paraconcordantes de granito (xa que se dispoñen paralelas aos xistos).Estas intrusións pola súa forma de cono reciben o nome de Boudinage ou amorcillamento.

O grupo Paraño é unha formación xeolóxica de rochas metamórficas (xistos e cuarcitas), formadas no mesmo ambiente, que se definiu no alto do Paraño, de ahí o seu nome)



Traballo realizado polos alumnos do IES O Ribeiro conducidos por membros do Dpto. de Matemáticas. Un traballo que consiste en "Xogar" coa xeometría, o que se pretende é que disfruten coas mates e que poñan en práctica o aprendido nas clases.

A experiencia foi moi satisfactoria, xa que a participación foi do 100% do alumnado de 3º de ESO, con



TEATRO- Festival de final de curso

Este ano cursouse por primeira vez a materia optativa de Artes Escénicas e Danza en 4º de ESO. O grupo participa no festival de fin de curso coa posta en escena dunha breve selección de textos do teatro universal, presentados a modo de menú degustación. Queda por ver se a iniciativa calla nos vindeiros cursos, de modo que se poida ampliar a carta de pratos e maridaxes teatrais.

ARTES ESCÉNICAS E DANZA 4º ESO

MENÚ DEGUSTACIÓN FIN DE CURSO

1º PETISCO

Redución de Edipo Rei con mollo concentrado de Stravinsky

EDIPO: Nerea Álvarez Lage, 4º A
 CORIFEO: Jacobo Soto Fernández, 4ºB
 CREONTE: Isabelle Piccinin Álvarez, 4º C
 CORO: Jacobo, Adriana, Isabelle e Christian



2º PETISCO

Segredo de Sexismundo con escuma de Bach

SEXISMUNDO: Isabelle Piccinin Álvarez, 4º C



3º PETISCO

Bica de vellos namoradeiros con sirope de pomba dourada

NAI: Adriana Bouzas Lorenzo
 PAI: Jacobo Soto Fernández
 D.RAMÓN: Christian Sotelo Iglesias
 NENO: Isabelle Piccinin
 MARI PEPA: Nerea Álvarez Lage



Información alérxenos: Menú sen gluten. Pode conter elevados deais difíciles de dixerir no mundo real.



ARTES ESCÉNICAS E DANZA 4º ESO

MENÚ DEGUSTACIÓN FIN DE CURSO

1º PETISCO

Redución de Edipo Rei con mollo concentrado de Stravinsky

EDIPO: Nerea Álvarez Lage, 4º A
 CORIFEO: Jacobo Soto Fernández, 4ºB
 CREONTE: Isabelle Piccinin Álvarez, 4º C
 CORO: Jacobo, Adriana, Isabelle e Christian



2º PETISCO

Segredo de Sexismundo con escuma de Bach

SEXISMUNDO: Isabelle Piccinin Álvarez, 4º C



3º PETISCO

Bica de vellos namoradeiros con sirope de pomba dourada

NAI: Adriana Bouzas Lorenzo
 PAI: Jacobo Soto Fernández
 D.RAMÓN: Christian Sotelo Iglesias
 NENO: Isabelle Piccinin
 MARI PEPA: Nerea Álvarez Lage



Información alérxenos: Menú sen gluten. Pode conter elevados deais difíciles de dixerir no mundo real.

Excursións de fin de curso



Foto do grupo de bacharelato do curso pasado disfrutando da fantástica viaxe a Roma

Viaxe a Roma

Ao final do curso pasado, 2017-2018, os alumn@s de Bacharelato fixeron unha viaxe para celebraren a finalización dos seus estudos no noso centro. O destino escollido foi Roma, e con eles acudiron á capital italiana un grupo de profesor@s do centro.

Coñeceron de cerca a cultura clásica de Roma, visitaron lugares coma as Catacumbas , os Museos Vaticanos, a Capela Sixtina, e moitos outros sitios, e sobre todo gozaron de momentos maravillosos tanto polo que viron coma polo ambiente de camaradería que se vive cando se viaxa en grupo ao estranxeiro. Coma testemuña desta fantástica viaxe obsequiáronnos cunha completa reportaxe fotográfica, da que dan fe estas poucas imaxes que axuntamos aquí.



Viaxe a Madrid

Ao final do curso pasado, 2017-2018, un grupo significativo de alumn@s de 4ª de ESO, fixo unha viaxe para celebraren a finalización da etapa da ESO.

Foron a Madrid, acompañados de varios profesores, e desfrutaron de 3 días de actividades culturais e de ocio, que lles permitiron coñecer a capital, visitando museos, zonas emblemáticas, desfrutando do seu ocio, musicais, parques, cultura, etc. e en definitiva gozaron dunha experiencia especial nun ambiente de total cordialidade que constituirá sen dúbida unha bonita lembranza, que supón un magnífico colofón a esta importante etapa das súas vidas.



Foto do grupo de 4º de ESO do curso pasado desfrutando da fantástica viaxe a Madrid

Obxectivos curso actual (18-19): Amsterdan e Madrid

Este curso o centro organiza 2 excursións para celebrar o remate das dúas importantes etapas: a ESO e o Bacharelato.

Os alumn@s de 2º Bacharelato escolleron Amsterdan para a viaxe de fin de curso. Sobre 25 alumnos, acompañados de varios profesores, desfrutaran desta viaxe, que polo seu propio contexto será inesquecible!

Os alumnos de 4º de ESO (sobre 28) acompañados de varios profesores, van ir a Madrid para desfrutar de 3 días de actividades culturais e ocio que ben merecen tras o traballo realizado durante o curso. Visitarán o Madrid dos Austrias, o Museo do Prado, verán o Musical do Rey León, e tamén irán ao Parque da Warner...

Gradación 2º bacharelato



O pasado venres 24 de maio, no salón de actos do edificio O Ribeiro, á tardiña, tivo lugar o acto de Gradación dos alumnos e alumnas de 2º de Bacharelato.

A cerimonia, que incluíu numerosas e moi boas actuacións musicais e discursos de despedida por parte dos alumn@s, resultou moi emotiva. Acudiron os profesores e as profesoras que lles deron clase, e esta lista inclúe persoas que xa non traballan no noso Centro e que se acercaron ao instituto para despedir os seus ex-alumn@s e, por suposto, inclúe a presenza de numerosos familiares que viñeron acompañar aos estudantes neste emotivo momento.

No transcurso da cerimonia a cada alumno e alumna foille imposta unha banda e entregado un diploma en lembranza do seu paso polo centro e que resultará un bonito recordo.

Finalmente fixéronse unhas fotos de todo o grupo, antes de desprazar a celebración á cafetería do centro onde uns petiscos pecharon a sesión.

Conscientes de que agora iniciades unha nova etapa nas vosas vidas queremos, dende a comunidade educativa do IES O Ribeiro que vos acolleu durante estes anos, desexarvos moita sorte no vieiro novo que agora se abre para vós.

PARABÉNS A TOD@S, E MOITO ÁNIMO PARA AS PRÓXIMAS ETAPAS !!



Concello de Leiro



Terras de auga, pedra e viño

A Elección acertada:

AUTOS GONZÁLEZ



Microbuses e Autobuses
en Alquiler

Modelos Clásicos



Coches de Luxo
Modernos

www.autosgonzalez.es

OURENSE: C/ Coruña, 9 • C.P. 32005 • Tel. 988 22 30 36 • Fax 988 24 80 51 • At. ó Cliente: 609 57 20 57

VIGO: C/ Arenal, 60, 1º A • C.P. 36201 • Tel. 986 44 12 22 • Fax 986 22 20 11 • At. ó Cliente: 620 77 75 77

VIAXES COMPOSTELA: C/ Concordia, 13 • C.P. 32003 • Tel. 988 21 30 43 • Fax 988 21 32 41



AUTOS GONZÁLEZ, ten como obxectivo estar sempre a altura das **necesidades** dos seus **clientes**; realizamos transporte regular, discrecional e aluguer de turismos de luxo con condutor.

Contamos cunha extensa flota de **autobuses** e **microbuses** e unha ampla gama de **vehículos clásicos** e de **luxo**.

Pídenos orzamento sen compromiso. A nosa dilatada experiencia garantirache o mellor servizo.

e Para as túas Viaxes

**VIAXES
COMPOSTELA, S.A.**

AUTOS GONZÁLEZ, S.L.



**VIAXES
COMPOSTELA, S.A.**
www.viajescompostela.com
Info: 988 21 30 43
Calle Concordia, 13 - Ourense

**REGALO ESPECIAL
PARA LOS NOVIOS**
Consúltanos

Organizamos tu Viaje de Novios:

- Luna de Miel

- Transporte Novios

- Transporte Invitados



Y además las vacaciones te pueden salir GRATIS

Para reservas hasta el 18 de diciembre de 2013. Consulte las bases en avasa.com



Agencia del grupo:
Autos González, S.L.

www.autosgonzalez.es

Tu clásica Agencia de Viajes y ahora también en **Internet**:
visita, www.viajescompostela.com y podrás realizar **online** todas tus reservas

IES O Ribeiro



Curso 2019-2020

Ciclo Superior de Vitivinicultura

CM Aceites de oliva e viños

CM Electromecánica de vehículos

Formación Profesional Básica (FPB)

Educación Secundaria Obligatoria

BACHARELATOS de Ciencias,

Humanidades e Ciencias Sociais

Educación Secundaria para persoas Adultas

Sección da Escola Oficial de Idiomas



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL**

IES O Ribeiro

Edificio Abrente

Edificio Ribeiro

Irmáns Álvarez Araujo, 5
Tel. 988 788 460 FAX. 988 788 466
Rúa do Carballiño, S/N
Tel. 988 788 266 FAX. 988 788 273
32400 – Ribadavia - Ourense

ies_oribeiro@edu.xunta.es

www.edu.xunta.es/centros/iesoribeiro/



**UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO**

"O FSE inviste no teu futuro"

